

RELATORIO DE GALEGUIDADE: AS ENTIDADES GALEGAS NO SÉCULO XXI

CONCLUSIONS

A diáspora galega caracterizouse nos últimos séculos por manter unha conciencia colectiva moi profunda e solidaria. Desde 1879, en que nace en Montevideo o primeiro centro galego, multiplicáronse estas entidades por todo o mundo con fins de axuda aos galegos emigrados e de asistencia e instrución, de beneficencia e socorro mutuo, de repatriación, de relación social e de acción cultural.

Debemos lembrar tamén os fins solidarios de apoio aos seus lugares de orixe en Galicia, que cristalizaron no financiamento de numerosos servizos públicos entre os que destacan centenares de escolas que conformaron unha auténtica e pioneira infraestrutura educativa en Galicia.

Moitas destas entidades cumpriron xa máis de 100 anos de existencia, con épocas de gran vigor e esplendor e hoxe, co devir de multitude de acontecementos nos seus países de asentamento e cambios sociais, económicos, demográficos e migratorios profundos, afrontan con tenacidade novas dificultades na súa vida diaria e na garantía do seu futuro. Está en xogo a preservación dun inigualable e valioso patrimonio arquitectónico e cultural que é intrínseco á identidade de Galicia.

A acción propia das comunidades galegas durante tantísimos anos ten hoxe o respaldo do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Lei de Galeguidade e outras normas legais e regulamentarias que expresan o compromiso da sociedade galega e das súas institucións cun movemento asociativo que é un exemplo de solidariedade e defensa identitaria practicamente único no mundo.

Agora máis que nunca é hora de unir forzas entre todos, comunidades galegas e institucións públicas e privadas de Galicia, e institucións nos lugares de asentamento, para garantir a pervivencia destas entidades no próximo futuro e salvagardar o seu inxente e valioso patrimonio para a memoria de Galicia.

Por todo iso, acordamos, complementando os acordos dos relatorios de CULTURA e de política SOCIAL, o seguinte:

1.- Apoiar decididamente a actual **Estratexia de Emigración 2020** da Xunta de Galicia con 102 medidas que teñen en conta a diversidade poboacional dos grupos e das entidades da emigración para o apoio aos dereitos dos galegos emigrados e residentes no exterior e das súas comunidades, así como o seu respaldo financeiro.

Esperamos un especial seguimento de iniciativas como a creación da Tarxeta da mocidade exterior, os programas que favorecen a vinculación da mocidade no exterior



con Galicia, como conecta con Galicia, os campos de traballo e deportivos, obradoiros de formación e a actividade de e- learning e a posta ao dispor de contidos dixitais de especial interese formativo e cultural, así como as que se destacan nas conclusións dos relatorios de Cultura, Política Social e Retorno deste Consello.

2.- **En canto ao interno** das propias comunidades, debemos convocar a todas elas a un compromiso responsable de modernización, tanto en canto aos seus espazos físicos como, o que é máis importante, na necesidade de facer das mesmas unhas entidades máis modernas, abertas, atractivas, viables, eficientes, innovadoras, creativas e adaptadas á realidade social actual. Trátase de ofrecer novos incentivos para achegar aos centros e facer socios a todos os galegos e galegas, descendentes e posibles simpatizantes que por distintas razóns están afastados desta realidade institucional. Todo iso co profundo recoñecemento e respecto ás limitacións que comporta, na gran maioría das nosas entidades, a carencia de medios que aseguren unha xestión profesional e que funcionan grazas á dedicación voluntaria e “ ad honorem” de moitos directivos e socios.

3.- Como instrumento renovado de participación debemos promover debates que xeren consensos para a organización e funcionamento das entidades e para contribuír á configuración ou consolidación de programas e proxectos atractivos sobre formación, cultura e lingua galega.


A modernización e os novos proxectos deben vir da man da actualización nos programas de xestión e do coñecemento e uso das novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación e da WEB e para iso lembramos a vixencia e a necesidade de seguimento das conclusións acordadas no Pleno do Consello celebrado na Habana en 2016, e o compromiso por parte da Xunta de Galicia de formación neste eido.

4.- Apoiamos cantas medidas contribúan á incorporación e normalización da presenza da mocidade e das mulleres nos órganos de dirección e xestión das entidades, así como na vida diaria das mesmas, de forma equilibrada coa presenza dos maiores e a acción necesaria desa xeración intermedia, a “xeración bisagra”, que tanta experiencia e compromiso achega ás institucións e que non debe ser excluída dos actuais ou novos programas formativos.

5. Debe prestarse unha especial atención aos mozos facilitando a súa participación en programas formativos, culturais, deportivos e de lecer, e promovendo grupos musicais e deportivos, de voluntariado, de protección do patrimonio cultural, e de defensa do medio ambiente; grupos de intereses específicos e outros que contribúan polo seu atractivo ao coñecemento, contacto, apego e vinculación dos seus integrantes coa comunidade galega.

Os descendentes no exterior e os novos emigrantes pertencen a unha xeración especialmente preparada cultural e profesionalmente e son un activo humano que pode facer unha moi valiosa achega a Galicia e á unha nova etapa na vida das nosas comunidades.

Calquera estratexia de integración da mocidade debe apoiarse na detección, mediante enquisas, comunicacións ou informes, das demandas e inquietudes dos mozos, o



coñecemento de boas prácticas e de actividades exitosas doutras comunidades e de propostas de programas atractivos e dinamizadores. Iso poderá realizarse, segundo os casos, entre as propias comunidades galegas, coa colaboración de institucións tecnicamente capacitadas ou coa de órganos da Administración da Xunta de Galicia como os competentes en materia de Xuventude, Muller, Voluntariado, Cultura, Xacobeo, etc.

6.- **En canto á relación co país ou lugar de acollida**, debemos sinalar que a modernización interna das entidades á que se fixo mención anteriormente será o primeiro e principal argumento para facelas atractivas na súa contorna. Tamén o será para nutrir de contido o concepto de “embaixadas naturais” de Galicia que poden contribuír á Marca Galicia desde a calidade das súas prestacións.

7.- Para unha maior apertura á súa contorna propoñemos o desenvolvemento polas comunidades galegas de campañas de captación de novos socios nas súas áreas de influencia, que poderían contar coa colaboración da Xunta de Galicia na elaboración e/ou deseño de mensaxes e contidos universais de apoio ás nosas comunidades.

Á parte do censo de socios/as con todos os dereitos sociais e que abonan cota social podería dispoñerse, cando for útil, dun censo de simpatizantes da entidade como colectivo para atraer á vida asociativa mediante a información sobre a vida da entidade ou a prestación dalgúns servizos ou atencións que se consideren oportunas.

8.- **En canto á relación coa Galicia Territorial** é indispensable e de xustiza que as comunidades poidan manter unha efectiva relación, ademais de coa Xunta de Galicia, coas deputacións provinciais, os concellos, alcaldías e órganos da Administración Local, o Parlamento de Galicia, asociacións de empresarios e artesáns e resto de institucións públicas e privadas e organizacións non gobernamentais de Galicia.


En consideración á distancia e circunstancias da Galicia exterior as administracións deben coidar a simplificación e facilidade para as comunicacións e os procedementos en que as comunidades poden ser parte.

O seguimento a través desta relación da evolución cultural, política, económica e social que se está dando en Galicia é clave para unha xestión exitosa dos centros galegos.

9.- As comunidades galegas instan ás administracións públicas a traballar con elas na promoción turística e gastronómica, cultural e empresarial de Galicia. As nosas entidades poden e deben ser os mellores embaixadores naturais posibles no mundo, especialmente con vistas á próxima celebración do Xacobeo 2021.

10.- As comunidades galegas consideran necesario seguir traballando nas liñas sinaladas na Lei 7/2013 de Galeguidade, en canto á unión e fusión voluntaria de entidades co obxectivo de fortalecerse e de garantir a súa continuidade.

Dende a Xunta de Galicia apoiarase cada proceso de unión ou federación de entidades que así o decidan, así como a programación conxunta de proxectos e actividades que contribúan a unha posta en común eficaz de medios persoais e materiais en obxectivos comúns que fagan posible a calidade, excelencia, a maior dimensión e realce da



participación das comunidades galegas na vida social e cultural de Galicia e na súa promoción exterior.

A responsabilidade, fiabilidade e eficiente xestión das comunidades e o apoio institucional das administracións pode facilitar a implicación ou colaboración empresarial no exercicio da súa responsabilidade social con Galicia, coa emigración galega e coas súas entidades representativas no exterior.

11.- Pasado un tempo prudencial da entrada en vigor da citada Lei da Galeguidade resulta oportuna a revisión e a valoración de porcentaxes e número mínimo de entidades que esta esixe para o recoñecemento de federacións para que poidan acadarse os fins e obxectivos previstos pola dita norma. Igualmente a revisión do número mínimo de socios e porcentaxes para o recoñecemento dunha entidade como comunidade galega para axustar os requisitos á auténtica realidade do momento que atravesan a maioría destas entidades no mundo.

12.- O Parlamento de Galicia referendou recentemente a inigualable traxectoria da comunidade galega no exterior concedendo á emigración galega a “Medalla do Parlamento de Galicia”. Tanto nese acto, ante os máis altos representantes da Galicia territorial, como agora, lembramos a declaración realizada con motivo do Pleno do Consello de Comunidades Galegas da Habana, co seguinte contido *“As comunidades galegas volven reiterar a necesidade de non esquecer a historia, especialmente entre as novas xeracións e, por tanto, volvemos instar ao Goberno de Galicia a implantar nos seus plans de estudos de ensino primario e secundario a necesidade de estudar a historia da emigración de Galicia e o seu presente. Un pobo sen coñecemento da súa propia historia é un pobo que camiña cego na senda do seu futuro”*.

O mellor coñecemento por parte de todos desta histórica realidade pode contribuír, en boa medida, a nutrir a nosa galeguidade e tamén a facilitar o coñecemento e apoio da mocidade galega á nosa comunidade no exterior como parte esencial da Galicia Universal.

COMUNIDADES GALEGAS

Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019